

Sangue, Suor e Esperanza

Estimados membros:

En momentos coma este, onde predomina a inqueda polo futuro, sempre vén á mente esta famosa frase de Winston Churchill.

Por suposto, a curto prazo, ASEICA mostra a súa solidariedade con todos aqueles que están a padecer de primeira man os efectos do SARS-CoV-2 como pacientes e como achegados directos. Afortunadamente, a pesares das deficiencias que se están a facer evidentes nestes días, temos unha cobertura social e sanitaria robusta que nos permite ser optimistas sobre a súa cura. O reto, obviamente, é evitar que o sistema colapse, polo que hai que seguir perseverando na aplicación das regras de conduta e disciplina social que son necesarias para evitar a propagación deste virus.

Esta é sen dúbida unha situación de "suor" para todo o persoal sanitario do país que ten que facer fronte a esta inesperada emerxencia social. Aquí, gustárame adicar una lembranza especial a todos os nosos membros oncólogos que, nestes días, están implicados e implicadas en como tratar este problema nos seus servizos, como xestionar a perda de persoal por infeccións, como evitar a infección de tipos de pacientes con cancro que son especialmente susceptibles ao SARS-CoV-2 e como tratar aos que xa foron infectados. Este traballo tamén implica o deseño de novas políticas de vixilancia extrahospitalaria para os pacientes sometidos a revisión post-tratamento e como abordar loxísticamente a xestión hospitalaria dos novos ingresos. A todos eles, ánimo e, sobre todo, grazas por estar ao pé do canón!

Tamén me gustaría recoñecer o traballo dos que somos "básicos" e que, neste intre, estamos a facer de "sufridores na casa". O feito de estarmos na casa non significa que non esteamos en acción. En *Twitter* podemos seguir as actividades de moitos de nós xestionando telematicamente os seus grupos de investigación, escribindo proxectos e artigos científicos e informando ao público dunha forma clara e precisa sobre os fundamentos desta enfermidade.

Tamén quero subliñar o encomiable esforzo de moitos científicos e centros de investigación para poñer a disposición do noso sistema sanitario o equipamento e os reactivos necesarios para realizar probas de diagnóstico de SARS-CoV-2 no caso de que sexan necesitadas axiña de urxencia. E tamén aos poucos científicos e técnicos que, nestes intres, continúan a traballar nos centros de investigación para garantir o funcionamento dos equipos e servizos máis esenciais.

Permitídemme, non obstante, rematar esta carta cambiando a famosa frase de Churchill (espero que me perdoe). Creo que non é un momento de bágoas senón de

esperanza. Sairemos disto, con máis ou menos dificultade, pero sairemos. E, o máis importante, esta crise estanos permitindo redescubrir cousas que se estaban esquecendo ou intentando dismantelar nestas últimas décadas. Por unha banda, está claro que sen un sistema público de saúde e benestar social esta crise tería sido moito peor, tanto en custo de vidas como de impacto social. Pola outra banda, finalmente está a verse, por desgraza de xeito práctico e de emerxencia, o importante que é ter un sector científico e tecnolóxico robusto para afrontar retos como o que estamos a experimentar. Por desgraza, como case sempre, o goberno e a sociedade só se lembran de Santa Bárbara cando trona. Será o noso traballo, e por suposto o de ASEICA, que os ecos dese trono sirvan para cambiar finalmente a dinámica negativa e de desinterese que sufriu o sistema de I+D+i do noso país nos últimos anos. Os científicos non somos un luxo: estamos eiqú para axudar e, sobre todo, para desenvolver novas formas de curar e diagnosticar aos pacientes das enfermidades habituais, das novas e das que aínda están por vir.

Unha forte aperta a todos.

Dr. Xosé R. Bustelo
Presidente, ASEICA